

Un espazo privilexiado, antes privado, a disposición de todos os veciños e veciñas

## Rematan as obras no Parque das Trece Rosas

Páxina 6



Concello de  Oleiros

Aprobado o orzamento municipal para o ano 2024

Páxinas 12-13

# Vivir en Oleiros

Número 77  
Decembro 2023  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

O tráfico mellorará notablemente en toda a rede viaria comarcal



Contratada a obra da avenida de Santa Cristina por 1,4 millóns

Páxina 4

Tres liñas de subvencións para comedores escolares

Páxina 9

## Apertura do túnel de Sol y Mar

■ Con máis retraso do previsto, os vehículos poderán circular polo túnel construído Sol y Mar. Queda pendente a rotonda superior e as melloras das rúas adxacentes solicitadas polo Concello, que completarán unha renovación total da zona. Agárdase a finalización completa no verán.

Cabalgata de Reis por todas as localidades o día 5 de xaneiro

Páxina 21

## Venda de solo para a construción de 54 pisos de prezo taxado

Nos vindeiros días sairán á venda estas parcelas para que promotores ou grupos de veciños e veciñas organizados mediante cooperativas poidan optar a construír directamente as súas propias casas. As persoas interesadas en adquirir unha destas vivendas deberán inscribirse previamente no Instituto Galego da Vivenda e Solo como demandantes de vivenda.

Páxina 7

Como saber onde está todo en **Oleiros**

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## COAS PORTAS ABERTAS

Ao longo da etapa democrática, o panorama político español experimentou todo tipo de cambios. As modas pasaxeiras e as tendencias de cada momento, sempre interesadas para perpetuar no poder a unha casta, fixeron subir e baixar a líderes e partidos do ceo aos infernos.

Malia eses vaivenes externos e uns ferozes ataques directos, o pobo de Oleiros decidiu transitar por un camiño político distinto. Unha carismática e eficiente dirección, sustentada pola infatigable forza da xente, fixo indestrutible esta casa común do movemento veciñal e das persoas concienciadas co progreso e o benestar social.

Son precisamente esas persoas as que acaban de decidir en Asemblea Xeral elixir os cargos

de dirección do partido e ensanchar, aínda máis, as bases deste proxecto. Con nós teñen cabida todos os veciños e veciñas preocupados polo seus pobos.

A nosa é unha militancia distinta, sen carnés. As nosas portas están permanentemente abertas a todas aquelas persoas con conviccións democráticas, concienciadas co progreso de Oleiros e co dereito á liberdade de todos os pobos do mundo. Para participar, é tan sinxelo como dirixirse persoalmente a algún representante da nosa executiva, enviar un correo a [info@alternativadosvecinos.org](mailto:info@alternativadosvecinos.org) ou chamarnos ou enviarnos unha mensaxe. Así de fácil.

As decenas de veciños e veciñas que forman as nosas comisións

de seguimento fan da Alternativa un modelo único de participación e resultan imprescindibles na acción e fiscalización do Goberno municipal. En Oleiros a soberanía reside no pobo, non nun despacho de Santiago ou de Madrid.

O apoio maioritario co que contamos, refrendado con claridade o pasado mes de maio, cárganos de responsabilidade, pero ao mesmo tempo apórtanos altas doses de ilusión para seguir traballando e resolvendo as necesidades veciñais. Fomos o primeiro concello en aprobar os orzamentos para o 2024, o que axilizará a frágosa tramitación administrativa para dar resposta rápida ante os problemas e cumprir os nosos compromisos. Parte deles xa en marcha, como a promoción de vivendas protexidas,

o paseo fluvial de Nós e Iñás, o multiusos de Bastiagueiro...

Pero á marxe desas grandes actuacións de máximo interese comunitario, estamos a poñer especial atención nas pequenas cousas. Un traballo complexo, pola ampla cantidade de equipamentos e servizos que creamos por todo o municipio, pero para o que contamos co noso coñecemento, experiencia e capacidade, así como coa colaboración da nosa xente.

Alternativa seguirá avanzando con paso firme, defendendo ante todo o interese xeral de Oleiros. O camiño que aínda nos queda por percorrer é longo e cheo de obstáculos. Camiñando unidos e unidas da man chegaremos ao noso destino. Paso a paso, pero sempre adiante.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## CRECE A PREOCUPACIÓN POLA XESTIÓN DA POLICÍA LOCAL QUE LEVA A CABO O CONCELLO

Oleiros. Un concello de case 40.000 habitantes cuxa xestión municipal queda en evidencia cada vez que un veciño descolga o teléfono durante a noite para avisar á Policía Local de calquera incidencia. A situación prolóngase desde principios do mes de novembro, cando os axentes anunciaron a súa intención de deixar de realizar horas extraordinarias. Pero a comunicación de incidencias aumenta día a día -noite a noite- sen que o axente que estea de garda durante a madrugada poida facer moito máis que deixar constancia da chamada, e non poida enviar unha patrulla para solucionar o problema. E a razón é simple: non hai efectivos para patrullar durante a noite. Nas últimas semanas deixáronse de aten-

der no noso concello, por falta de patrullas, servizos esenciais e urxencias, como algúns dos seguintes exemplos: un roubo nun establecemento de hostalería en Santa Cristina, con intento de entrada nunha vivenda lindeira na que o dono trataba de bloquear o paso aos ladróns mentres que un familiar avisaba á Policía, que se limitaba a recoller a chamada sen poder enviar a unha patrulla para garantir a súa seguridade; acumúláronse casos de accidentes de tráfico con feridos en vías de competencia municipal que quedaron sen atender; houbo numerosas chamadas sobre a imposibilidade de realizar a recollida de lixo pola presenza de vehículos mal aparcados, que non puideron ser denunciados nin retirados ao non haber patrullas

dispoñibles. As incidencias rexistradas nas últimas madrugadas inclúen pelexas multitudinarias -con feridos por cortes de vidro na cara-, avisos por ruidos e molestias, persoas ebrias molestando aos viandantes, discusións de parella con petición de axuda á Policía, incendio dun vehículo, petición de axuda por parte do 061 para atender a un paciente con problemas psiquiátricos... Todas estas incidencias quedaron sen atender debidamente pola falta de patrullas.

En realidade, cal é a razón que lle impide ao alcalde convocar as prazas necesarias ata cubrir as 41 que ten creadas, dotadas orzamentariamente e vacantes na actualidade, cando ten un cadro de efectivos que non chega nin á metade? As carencias de

medios humanos e técnicos da Policía Local quedaba enmascarada a miúdo pola profesionalidade dos axentes e a sobrecarga de horas extraordinarias que acumulaban nas súas quendas de traballo. Desde o Partido Popular defendemos e defenderemos aos nosos axentes, que traballan cunhas carencias impropias dun concello como Oleiros, á vez que nos solidarizamos co axente que está de quenda de noite, que asiste á insólita situación de atender por teléfono unha incidencia sen poder enviar a axuda policial que o cidadán lle reclama. Os cidadáns de Oleiros non se merecen un alcalde que mostre ese grao de desidia ante un corpo policial da súa exclusiva responsabilidade e que está chamado a velar pola seguridade de todos os seus habitantes.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

## Un PSdeG valente, comprometido e moi constructivo <https://linktr.ee/psdegoleiros>

"O Socialismo de Oleiros comprometeuse cos oleirenses a traballar para mellorar a vida das persoas, fiscalizando con rigor ao goberno municipal e aportando ideas e medidas construtivamente. Levamos presentadas no pleno 15 mocións, que non se admitiron, e 38 rogos e preguntas. Tamén presentamos alegacións aos orzamentos da Xunta de Galicia que esqueceron as inversións en Oleiros, por mor da confrontación institucional do Alcalde, que reper-

cute no peto de todos. Nestes meses denunciamos malos modos, abusos de poder, e ata mentiras como exemplo o seu salario (cobra case 90.000 euros), irregularidades, o uso partidario e personalista dos recursos de todos e o exceso de dedicacións exclusivas e de asesores contratados a dedo. Bótanos do pleno para intentar calarnos e impedir que denunciemos todo isto, pero nós imos seguir traballando para mellorar Oleiros sen que nos

asuste o talante dictador dun alcalde, que despois de 40 anos no poder, está endiosado e fóra de lugar.

O seu tono bronco trata de agachar unha xestión deficiente, con servizos cada vez de peor calidade e máis caros. Os orzamentos para o 2024 son a imaxe dun proxecto esgotado, un curta e pega do ano anterior, con subas de taxas dun 8,9 % para pagar ese capricho do alcalde, un multiusos que custa 11,5 millóns de euros

e que nos vai deixar como unha herdanza envenenada, mantelo vainos arruinar. Eses 2.000 millóns de ptas. que nos vai custar ben poderían ir facilitar a vivenda á mocidade, a mellorar o alumeadado, aceiras, camiños, recollida de pluviais... A coldada rede de comunicación, que pagamos todos nós, non chega para ocultar a falla de ambición, ilusión, rumbo ou visión de futuro deste goberno municipal esgotado. Feliz Nadal e moita sorte para 2024.



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## OLEIROS XOGA O SEU FUTURO NAS VINDEIRAS ELECCIÓNS AUTONÓMICAS

Sabemos do abandono endémico por parte de Gobernos de PP e PSOE a Oleiros. Gran parte dos problemas de Oleiros veñen ocasionados pola inexistencia da Xunta do PP, pola incompetencia e ineficacia do poder autonómico, polo absentismo continuo da Xunta, contraria aos intereses da Galiza e de Oleiros. Desfeita da Vía Ártabra, transporte metropolitano, escolas infantís, espantada da pasarela

de Santa Cristina, abandono da Costa desprotexida de Dexo, orzamento do CEIDA, servizo de asistencia no fogar, Portos de Santa Cruz, Mera e Lorbé, eivas nos centros sanitarios de Oleiros, desidia nos centros educativos do Concello, inseguridade no Couto, xabarís, inexistencia do transporte marítimo, deficiencias nos centros de día, residencias, escolas infantís, comedores escolares, protección ás

vítimas da violencia machista, ciclo e depuración da auga... son algúns dos moitos exemplos do desleixo absoluto da Xunta en relación con Oleiros.

Nas vindeiras eleccións autonómicas, Oleiros e a súa cidadanía xogan unha parte fundamental do seu futuro, continuarmos coas políticas de destrución social e co abandono endémico de infraestruturas e servizos no Concello ou abra-

zarmos dunha vez o cambio, cambio que só pode vir da man do BNG, da man dunha muller, de Ana Pontón e dun BNG hexemónico, único baluarte de defensa da cidadanía da Galiza e capaz de xestionar para a maioría, cunha clara aposta polos servizos públicos e o transporte colectivo, baixo un proxecto estratéxico orientado a mellorar a vida das persoas, verde, feminista e feito para toda a cidadanía.



# EDITORIAL

## • Toca decidir o futuro de Galicia

Sonan tambores electorais en Galicia. Os ventos, supostamente, favorables ao Partido Popular acabarán por traducirse nun inminente adianto das eleccións autonómicas.

O PP chegará aos comicios fiel á súa idiosincrasia, pero debilitados pola perda de Feijóo e o escaso carisma do actual presidente. A nefasta xestión por parte dalgunhas consellerías tampouco xoga ao seu favor. É o caso da conselleira de infraestruturas, incapaz de resolver cuestións xa encarriladas como a conexión da vía Ártabra coa AP-9 e a A-6, que podería reiniciarse de inmediato se houberse vontade política para facelo.

O PSOE, cun candidato solvente, aspira a recuperar parte do terreo perdido. Está lastrado polo forte ruído mediático da investidura e pola ruindade dalgúns representantes públicos do PSOE. É o caso dos concelleiros de Oleiros, que ante a súa escasa capacidade política e o descoñecemento total do municipio, fan da demagogia, da mentira e da vulneración das normas democráticas o seu modus operandi.

O BNG, segunda forza política neste momento, garda esperanzas de seguir medrando. Esperanzas que só poderán converterse en realidade de seguir abríndose á Galicia non nacionalista, imprescindible para calquera triunfo electoral. Porque máis alá do Bloque, non hai nada. Os que

din sumar, na práctica, só restarán á conformación dunha maioría progresista.

Galicia necesita asentar un proxecto de país co punto de mira posto no medio e longo prazo. Temos pendentes de resolución importantes asuntos que determinarán o futuro da nosa terra. O proceso de reindustrialización, o fortalecemento dos servizos públicos, a recuperación da pesca, a agricultura e a gandeiría, a explotación das enerxías renovables, o benestar das persoas maiores e dependentes...

Se baixamos ao concreto, en Oleiros son numerosas as asignaturas pendentes do Goberno de Santiago. Un transporte público deficitario, unha vía Ártabra sen conexión coa AP-9, unha rede de estradas carente de seguridade viaria; falta de pediatras e recursos médicos, a Casa do Mar de Mera infrautilizada; o porto de Lorbé sen rede de saneamento; as melloras na rede xeral de abastecemento de auga, o depósito de Sarro...

Seguramente, estes e outros temas sairán á palestra nas próximas semanas. Regalarán os nosos oídos con fabulosas solucións, fermosas palabras e novas promesas. Agora ben, antes de meter a papeleta pensemos ben a quen apoiamos. Analicemos. Logo non vale lamentarse. Galicia merece un Goberno competente. Somos nós os que podemos decidilo.

Os fillos da  
esperanza son o  
futuro dos pobos

Feliz 2024




# Próxima finalización da reurbanización das rúas Cubeiro e Castelao ▶

◆ Para consolidar a malla urbana de Santa Cruz, dotándoa de maior seguridade para peóns e condutores, están a construírse beirarrúas nas rúas Ricardo Cubeiro e Daniel Castelao, naqueles tramos que non existían. Aproveitando a actuación, créase tamén un espazo adoquinado que embelecerá a contorna da igrexa e renovaranse as canalizacións das redes de abastecemento de auga.

*O Concello inviste nesta obra 611.745,04 euros*



## Comezan os trámites expropiatorios previos á ampliación da ponte da Pasaxe ▼



*Esta primeira fase da obra será complementada posteriormente cunha segunda na que se creará un túnel baixo a glorieta de Santa Cristina, para crear un acceso directo cara a avenida Che Guevara e alixerar así o tráfico.*

◆ O expediente de expropiacións relacionadas coa ampliación da Ponte da Pasaxe está xa en marcha. A construción dunha estrutura paralela á actual entre A Coruña e Perillo fará necesario dispoñer duns 13.000 metros nas dúas marxes da ría, para realizar unha obra que superará os 30 millóns de euros só na primeira fase.

Esta obra xunto coa de Sol y Mar, a piques de rematar, a da ampliación de Alfonso Molina e a da conexión da Vía Ártabra coa AP-9 repercutirán moi notablemente na mellora da mobilidade entre Oleiros e a comarca. A insistencia e as múltiples xestións do Concello ante os Gobernos do Estado e a Xunta resultaron imprescindibles para lograr estas actuacións.

## Contratadas as obras da avenida Santa Cristina ▼

◆ A Deputación adjudicou por 1,4 millóns de euros a reforma integral da avenida de Santa Cristina. Tras un importante retraso administrativo, está prevista a sinatura do contrato da obra nos próximos días. As obras implicarán unha transformación total do actual estado da vía principal de Santa Cristina, desde a rotonda ata a praia.

## Máis seguridade viaria na avenida Che Guevara

◆ Están en marcha as obras de construción de beirarrúas en Perillo, na marxe dereita dirección Santa Cruz, desde o restaurante El Mirador del Madrileño (antigo Orllinda) ata a rotonda de Che Guevara. Para facer realidade este proxecto será necesario retranquear peches de fincas, desmontar noiros e modificar ramplas de acceso.

Durante a execución desta obra produciranse cortes de tráfico puntuais. Cando así sexa recoméndase utilizar a rúa Corredoira das Viñas para os vehículos que circulen dirección Santa Cruz e a rúa Miradoiro para os que circulen dirección A Coruña.



# Costas do Estado desenténdese das súas obrigas na costa de Oleiros ▼

■ *Ocos no paseo de Santa Cruz, desprendementos Parque da Trece Rosas e do Xunqueiro, a continuidade do paseo de Beiramar ata Cambre.... A Dirección Xeral de Costas négase a asumir as súas competencias.*



■ Para non prolongar máis tempo a situación, o Concello contratou unha obra de reparación de urxencia, que se reclamará a Costas. Nada ten que ver este tipo de danos estruturais co mantemento ordinario que si realiza o Concello.

En Mera, hai unha situación moi grave no Xunqueiro desde xa hai un par de anos que segue sen abordarse por parte de Costas. É urxente asegurar o noiro que hai sobre a cala do Xunqueiro para garantir a estabilidade da rúa da Gaivota e, por conseguinte, das vivendas máis próximas, así como pola seguridade dos bañistas e pescadores que acceden á cala.

◆ Os últimos cambios na xefatura da Demarcación de Costas da Coruña están a supoñer un impedimento á resolución dos problemas de competencia estatal que afectan ao litoral oleirense. Ante a falta de resposta, o alcalde solicitou unha reunión co Delegado do Goberno antes de emprender outro tipo de accións para rematar coa falta de respecto aos dereitos da cidadanía oleirense.

En relación á obra do dragado da ría, tras acordar continuar o paseo desde Beiramar ata Cambre, o novo xefe cambiou de postura e botouse atrás. Ademais anunciaron a aportación de area nas beiras de Cambre e Culleredo, polo que o Concello de Oleiros demanda que se faga o mesmo entre a pasarela do Castelo e o porto, para facer tamén esas zonas aptas para o baño.

En Santa Cruz, a estrutura do paseo marítimo presenta problemas en varios puntos, unha situación denunciada polo Concello en repetidas ocasións durante os últimos anos. Debido á desaparición de area entre a pasarela do Castelo e o porto, a base das cimentacións está ao aire, abríndose importantes ocos no pavimento nos que caía unha persoa.

## A reparación do porto de Santa Cruz en marcha ▼



◆ A diferenza de Costas, a Consellería do Mar abordou con prontitude a reparación do porto de Santa Cruz reclamada por parte do Concello. O grande oco orixinado na base do porto a raíz dos últimos temporais ocasionou un problema grave de seguridade desta zona de paseo.

*De non actuar rápido como reclamaba o Goberno municipal existía un risco moi grande de que se viñera todo abaixo, tal e como sucedeu no 2011 cando se afundiou un camión municipal nese mesmo punto.*



# Finalizado o Parque das Trece Rosas


■ *Próxima apertura da cafetería e dos novos servizos públicos ▼*



◆ Antes da primavera abrirá ao público a cafetería do Parque das Trece Rosas. Está a finalizar o concurso público para que unha empresa especializada explote este novo local municipal.

Será outro motivo máis para visitar a costa de Oleiros, pasear polos seus longos sendeiros, achegarse camiñando desde Perillo, Bastiagueiro Montrove ou Santa Cruz e gozar dun refrixerio contemplando o horizonte, os destellos dos faros da Torre ou Mera e o skyline da Coruña, tan presente na nosa paisaxe.

*Un espazo privilexiado, antes privado, que quedará aberto a toda a cidadanía*



*Con esta última actuación, o parque amplíase en 5.000 metros cadrados, ocupando un total de 156.000 metros*



# Venda de solo para construír 54 vivendas de prezo taxado ▼

◆ A xestión urbanística do Goberno municipal fai posible que o Concello reciba gratuitamente solo nos novos desenvolvementos que se van facendo por todo o municipio. Neste momento o Concello é propietario de parcelas para construír 54 pisos de protexidos en Xaz –xunto ao campo de golf-, Oleiros –na praza da Rabadeira-, Perillo –en Corredoiro das Viñas- e Mera –na nova urbanización do centro da localidade-.

Nos vindeiros días sairán á venda estas parcelas para que promotores ou grupos de veciños e veciñas organizados mediante cooperativas poidan optar a construír directamente as súas propias casas. No primeiro caso, os pisos venderanse aos prezos fixados polo Concello mediante unha convocatoria pública dirixida a veciños e veciñas de Oleiros exclusivamente. En base aos criterios fixados, que están en fase de análise.

■ *As persoas que constitúan unha cooperativa terán prioridade no proceso*



■ En Xaz, xunto ao campo de golf, está prevista a construción de 22 vivendas de prezo taxado

***As persoas interesadas en adquirir unha destas vivendas deberán inscribirse previamente no Instituto Galego da Vivenda e Solo como demandantes de vivenda***

Ao longo da democracia, **o Goberno municipal leva promovidas a creación de 752 vivendas de protección**, ubicadas nos mellores lugares das novas urbanizacións que se foron creando. En ningún outro concello de Galicia se creou tanta vivenda protexida durante a etapa democrática.

O prezo da vivenda é un asunto que supera amplamente as competencias municipais. As administracións central e a autonómica, con plenas competencias sobre a vivenda, dedícanse a poñer parches que non mudan significativamente a situación. **O dereito á vivenda sigue directamente en mans do mercado, sen que nin o Estado nin a Xunta acometan verdadeiras políticas públicas que permitan axustar os prezos á realidade económica das familias traballadoras.**

O resultado da xestión realizada por parte do Concello nas últimas décadas deu como resultado unha paisaxe coidada e moi agradable, dotada de numerosos servizos públicos e equipamentos de calidade, o que converte a calquera zona do municipio nun espazo moi apetecible para vivir, cun futuro próspero, o que inflúe nos prezos que alcanzan os inmobles no municipio.

## En análise a conversión dos baixos comerciais en vivendas ▼

◆ O Goberno municipal está a estudar fórmulas para permitir a conversión de baixos comerciais en vivendas, para dar saída ás demandas que se detectan no mercado e ás tendencias que, a nivel xeral, se observan na actividade comercial.

Autorizar residir en locais concibidos inicialmente para actividades empresariais non será un proceso automático, senón que se establecerán uns criterios mínimos que deban cumprir os locais para preservar a calidade e a salubridade de cara á súa nova función residencial.

Agárdase que en breve se fagan públicos eses criterios que permitirán que numerosos locais hoxe sen uso poidan ser reconvertidos en vivendas.



## O Concello recibirá máis dun millón de euros do POS provincial ►

◆ O pleno da Deputación da Coruña, no que participa o alcalde, aprobou unha partida de 1.171.480,98 euros para o Concello de Oleiros. O Goberno municipal destinará eses cartos para gastos correntes do Concello, mantemento de servizos públicos, coidado de parques, limpeza viaria e algunha obra pública. Para políticas sociais irán 162.383,50 euros, que amplían os recursos municipais propios que xa están previstos no orzamento municipal.

## O Mercado Municipal de Perillo dispón de postos libres a prezos accesibles

■ *As persoas autónomas ou empresas que queiran desenvolver a súa actividade comercial no Mercado Municipal de Perillo poden optar a algún dos postos libres mediante o pago dunha tarifa mensual moi accesible e sen canon. O custo dos postos de 16 metros é de 78 euros/mes e os de 30 metros é de 117 euros/mes. Algúns están dotados de cámara frigorífica.*



◆ O Concello ten previsto abordar unha reforma integral do Mercado Municipal a medio prazo, para a que se solicitou unha subvención europea. O proxecto presentado cumpría con todos os requisitos obxectivos pero foi denegada en base a criterios subxectivos.

Para obter máis información é posible dirixirse á Secretaría do Concello, ao Centro Municipal de Formación ou chamar ao teléfono 981 610 000.

## Incremento no recibo do lixo

◆ O Consorcio das Mariñas decretou unha subida do 35% para o 2024 no servizo de tratamento de lixo en todos os concellos da comarca. Unha familia prototípica pasará de abonar 31,46 euros cada trimestre, a 42,47; uns 11 euros máis.

Despois de 10 anos coa tarifa conxelada nos que se botou man dun remanente xa esgotado, a obrigatoriedade establecida por lei de cubrir os custos do servizo coas taxas fai necesaria a subida do recibo. Ademais do forte incremento nos últimos anos de submis-tros e soldos dos traballadores, a imposición dun imposto estatal de 1 millón de euros o Consorcio tamén encarece a prestación deste servizo.





# Subvencións para comedores escolares: máis para quen ten menos ▼

■ *Abertas 3 liñas de axudas nas que se invisten 155.000 euros*



◆ Todos os nenos e nenas de Oleiros que comen nos comedores escolares xestionados polas ANPA van recibir unha subvención anual duns 118 euros, aproximadamente. A maiores desa cantidade, as familias con menos recursos verán incrementada esa cifra cunha segunda liña de subvencións. Neste segundo caso, en función da renda familiar, entregaranse entre 650 e 400 euros por neno ou nena.

Hai unha terceira liña de axudas dirixidas ás familias en situacións económicas moi adversas. Neses casos de vulnerabilidade o Concello asume o 100% do gasto de comedor escolar deses nenos e nenas, para garantir que accedan aos comedores e poder cubrir así as súas necesidades básicas de alimentación. Para estas prestacións destínanse 35.000 euros, que en caso de resultar insuficientes serán incrementados.

Para obter máis información, as persoas interesadas poden dirixirse á Fabrica ou a Servizos Sociais; chamar ao 981 610 000 ou enviar un correo a [ensino@oleiros.org](mailto:ensino@oleiros.org).

## A reforma da Escola infantil da Pardela realizarase nos veráns de 2024 e 2025 ▼



◆ Ante o abandono e desatención por parte da Xunta da Escola Infantil A Pardela, e o caso omiso ás continuas peticións do Concello da necesidade de restaurar o edificio, o alcalde Ángel García Seoane e a concelleira de Servizos Sociais Belén Taboada reuníronse co xerente do Consorcio Galego de Benestar para desbloquear a situación. A financiación da obra, que lle correspondía á Xunta, abordárase coas aportacións de dous anos que o Concello fai á escola e unha achega municipal.

A escola, que forma parte da rede A Galiña Azul, presenta evidentes desperfectos que serán subsanados no seu conxunto –cuberta, fachadas, paredes interiores, pavimento, fiestras, sistema calefactor...-.

Tralo acordado, para non ter que pechar a escola polas obras e garantir en todo momento a seguridade dos nenos e neas, a obra abordárase en dúas fases. A primeira será este verán, reparárase a cuberta e realizaranse os arranxos interiores. No verán de 2025 actuarase na fachada e substituiranse as fiestras.


O edificio, igual que todas as escolas infantís de Oleiros, foi construído polo Concello no 1993 e cedido posteriormente á Xunta. Ten 675 metros cadrados distribuídos nun espazo multi-funcional e cinco aulas.



# O soldo do alcalde é de ▶ 61.964,89 euros

◆ Tal e como certifica a secretaria municipal, o soldo que percibe anualmente o alcalde é de 61.964,89 euros brutos anuais. O salario non variou tras as pasadas eleccións de maio. A cantidade é a mesma que viña percibindo durante a pasada lexislatura.

*O PSOE de Oleiros pretende manipular e enganar á cidadanía con cifras que non se axustan á realidade*



## A lei autonómica da Policía Local provoca unha situación caótica nos concellos pequenos e medianos ▼

■ O Concello de Oleiros ten unha cadro de persoal de 42 policía locais, suficientes para cubrir as necesidades do municipio. Na actualidade, hai 26 axentes (22 policía, 3 oficiais e 1 inspector), dos que 5 están de baixa. Para cubrir as prazas vacantes ou poder suplir de forma interina as baixas de longa duración, o Concello vese impedido pola actual lei da Xunta de Galicia.

◆ Desde a aprobación en 2007 desa nefasta normativa por parte do Goberno bipartito, que o PP tampouco modifica para seguir beneficiando as cidades, o prexuízo que se lle causa aos concellos medianos e pequenos é enorme ao permitirse a libre mobilidade dos axentes sen ningún tipo de restrición. Así, o éxodo de policía cara ás grandes cidades é continuo, provocando tamén a acumulación de 2 prazas nunha mesma persoa. No caso de Oleiros, en 3 anos marcharon 11 policía, 10 para A Coruña e 1 para Vigo.

Para cumprir a lei, as convocatorias para poder repoñer as baixas demóranse ata máis dun ano. Despois, o Concello ten que pagar o salario e a formación dos novos policía na academia da Xunta na Estrada durante 6 meses, aos que hai que engadir-lles 3 máis de prácticas. É dicir, a Xunta converteu os concellos medianos e pequenos en academias de formación para que os policía despois acaben traballando nas cidades.



*O Concello de Oleiros incorporará proximamente 7 novos policía mediante convocatorias en marcha: 5 por oposición e 2 por mobilidade.*

*Oleiros sempre tivo bos policía locais e o persoal actual cumpre cos seus cometidos perfectamente. Neste momento está a negociarse coa representación sindical unha mellora das condicións laborais da Policía*



## Unha nova rúa de Santa Cruz levará o nome de Yasser Arafat ▼

■ *Unha rúa de próxima creación, que conectará a rúa do Souto coa avenida Concepción Arenal, denominarase Yasser Arafat para dar testemuña da actual onda universal de solidariedade con Gaza, vítima da violencia sionista.*



◆ Arafat foi unha das persoas que máis destacou na historia da resistencia palestina. Morto en estrañas circunstancias en 2004 tras unha vida entregada á liberdade do pobo palestino e que loitou incansable polo recoñecemento de Palestina como Estado. Desde novo foi un home dedicado a combater a cruel inxustiza do imperialismo e a ocupación sionista da súa terra.

No 1948 uniuse á resistencia palestina, oposta a que a súa xente fose expulsada das casas nas que vivían, o gran desastre do pobo palestino que autorizaron e impulsaron os dirixentes europeos. Desde aquela loitou sen tregua pola creación dun Estado capaz de organizarse para facer fronte aos abusos europeos, creando a OLP (Organización para a Liberación de Palestina), entidade que durante moitos anos intentou poñer algo de luz no conflito, internacionalizando a xusta causa do seu pobo.

Arafat foi un home de paz, artífice dos denominados acordos de Oslo para a resolución do conflito, recoñecido co premio Nobel da Paz no 1994. As constantes conquistas de Israel co apoio europeo e estadounidense e a inoperancia da ONU deron ao traste co seu soño de normalizar a vida en paz dese lugar do mundo no que hai máis de 2.000 anos fraguáronse as lendas cristiás, que chegan ata nós co actual xenocidio en Gaza.

Por todo ese esforzo de loita pola paz, o Concello de Oleiros decide, en solemne e comprometido xesto de admiración pola Resistencia Palestina, realizar esta pequena homenaxe a unha das persoas que máis ten apostado pola paz e a dignidade nesa zona de Oriente Próximo e, en extensión, a todo o pobo palestino.

## O Concello participa na misión aos campamentos saharauís ▼



◆ Para amosar o apoio do Concello de Oleiros á República Árabe Saharaui Democrática e denunciar a situación de abandono que segue a padecer o pobo saharauí por parte da comunidade internacional, o concelleiro de comunicación Pablo Cibeira representou ao Goberno municipal nunha misión aos campamentos de persoas refuxiadas saharauís de Tinduf organizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, Delegación da RASD en Galicia e SOGAPS, na que participaron representantes políticos doutros concellos e do Parlamento de Galicia.

A misión incluíu varias recepcións por parte de representantes gobernamentais da Fronte Polisario, visitas a instalacións sanitarias e ao proxecto 'Nadafa', financiado polo Concello a través do Fondo Galego para mellorar a recollida e tratamento de lixo nos campamentos. Tamén se realizou unha visita a un colexio co que o alumnado de 6º do colexio Valle Inclán establecerá unha comunicación mediante carta para intercambiar vivencias e as distintas realidades que lles toca vivir a uns e outros.

O Sáhara Occidental, que fora a provincia española número 53, está ocupado ilegalmente por Marrocos desde o 1975. Expulsados da súa terra e masacrados na fuxida, o pobo saharauí resiste desde entón como pode en campamentos de refuxiados. O muro máis grande do mundo, de 2.720 km, franqueado por centos de postos militares e minas antipersonas, impide calquera intento de regreso aos seus fogares.

A resolución deste conflito, tal e como estableceu a ONU no 1991, pasa pola celebración dun referendo de autodeterminación, que segue sen producirse. O cambio de postura do Goberno español no 2022, apoiando a Marrocos, supuxo un importante retroceso para as esperanzas do sufrimento saharauí e o incumprimento da legalidade internacional e das obrigas do Estado español como país administrador nun proceso de descolonización aínda non finalizado.



O Concello de Oleiros sempre foi un firme defensor do dereito de autodeterminación e independencia do pobo saharauí e do recoñecemento do Fronte Polisario como o seu único e lexítimo representante. Durante toda a etapa democrática foron numerosas as campañas de denuncia da situación así como os programas de cooperación e axuda realizados. O Goberno municipal tamén foi un dos creadores do programa Vacacións en paz, mediante o que centos de nenos saharauís viñeron e seguen vindo a España a pasar os veráns con familias de acollida.



# O orzamento municipal para 2024 é de 43,8 millóns ▼

▪ Máis de 27 millóns para manter equipamentos e servizos ▼

◆ O pleno municipal aprobou o orzamento do Concello de Oleiros para o ano 2024, que se incrementa nun 5,54% en relación ao de 2023, acadando 43.810.000 euros. O 61% dos recursos destinaranse a bens correntes, servizos básicos e persoal, para fortalecer aínda máis a prestación de servizos públicos; cun incremento do 13% no caso dos gastos correntes destinado a mellorar o servizo de limpeza viaria, ampliar o mantemento de zonas verdes e dotar de máis calidade a atención ao servizo de axuda no fogar.



## GASTOS

▪ PERSOAL:	12.279.860,00 €
▪ GASTOS CORRENTES:	14.844.640,00 €
▪ GASTOS FINANCEIROS:	56.780,00 €
▪ TRANSFERENCIA CORRENTES:	1.515.730,00 €
▪ FONDO CONTINXENCIA:	350.000,00 €
▪ INVESTIMENTOS REAIS:	14.658.675,00 €
▪ TRANSFERENCIA CAPITAL:	30.000,00 €
▪ ACTIVOS FINANCEIROS:	36.000,00 €
▪ PASIVOS FINANCEIROS:	38.315,00 €

## INGRESOS

▪ IMPOSTOS DIRECTOS:	12.084.000,00 €
▪ IMPOSTOS INDIRECTOS:	1.400.000,00 €
▪ TAXAS E PREZOS PÚBLICOS:	4.748.126,88 €
▪ TRANSFERENCIAS CORRENTES:	12.980.078,00 €
▪ INGRESOS PATRIMONIAIS:	449.500,00 €
▪ ALLEAMENTO INVEST. REAIS:	0,00 €
▪ TRANSFERENCIAS CAPITAL:	967.438,05 €
▪ ACTIVOS FINANCEIROS:	36.000,00 €
▪ PASIVOS FINANCEIROS:	11.144.857,07 €



O incremento previsto nos ingresos municipais non se debe a unha subida de impostos, senón a unha xestión rigorosa nos cobros e ao aumento da veciñanza e da actividade construtiva, o que achega maiores recursos ás arcas municipais. Os impostos directos e indirectos supoñen igual que en anos anteriores un 30% do total. O 29% correspóndese aos ingresos procedentes doutras administracións e o outro terzo, aínda que figura como

un pasivo financeiro, realmente procederá dos remanentes de Tesourería propios do Concello tras o peche do presente exercicio 2023.

Tamén se incrementan os ingresos procedentes dos xuros que proporciona a liquidez que a institución local ten en depósitos bancarios. Eses fondos aportan case medio millón de euros ao Concello.

## PRINCIPAIS OBRAS E SERVIZOS QUE SE VAN REALIZAR EN 2024 ▼

■ Construción do edificio multiusos de Bastiagueiro (1ª fase)	5.500.000 €
■ Obras de urbanización SUD-2 (Mera)	1.463.015 €
■ Melloras e ampliación de beirarrúas (Cavamontes, O Regacho e Canide)	600.000 €
■ Asfaltados de rúas e camiños (rúas Rula, Pardiñeiro, Castro de Xaz, As Atochas, Castro do Souto, Romeu-Os Niños)	500.000 €
■ Acondicionamento das rúas Brea, Barcala, Espadana e Fornos	460.000 €
■ Renovación de redes de pluviais (O Paraíso, Saltoxo, río Seixo, O Batán e O Valiño)	450.000 €
■ Acondicionamento das rúas Humboldt e Linneo	430.835 €
■ Melloras de eficiencia enerxética en edificios municipais	400.000 €
■ Renovación de redes de saneamento (As Pedreiras, rúa Benito Vicetto, rúa Faro, rúa Xuncal, rúa Manuel Padro de Andrade e Paseo da Lagoa)	400.000 €
■ Renovación de redes de abastecemento de auga (A Edreira, Salvador Allende, Francisca Herrera e Rosalía de Castro)	300.000 €
■ Construción de gradas no campo de fútbol O Redondo de Montrove	250.000 €
■ Pavimentación rúa Piñeiro	215.880 €
■ Novos postos de Salvamento e Socorrismo en Bastiagueiro, Mera e Santa Cristina	212.530 €
■ Melloras de accesibilidade e seguridade viaria	210.000 €
■ Creación de beirarrúas na avenida Che Guevara	200.000 €
■ Senda costeira Naval-Canide (expropiacións)	200.000 €
■ Renovación do pavimento das sendas do Parque As Trece Rosas	197.470 €
■ Renovación da rede de pluviais da rúa Areal	196.035 €
■ Melloras na praza da Constitución, en Montrove	150.000 €
■ Novos parques infantís na praza dos Areeiros e en Iñás	150.000 €
■ Renovación do pavimento e melloras na cuberta da pista da Casa do pobo de Dorneda	140.000 €
■ Melloras no alumeado público	100.000 €
■ Aparcadoiro no Monumento Natural- Canabal (expropiacións)	100.000 €
■ Melloras no alumeado da rúa Curros Enríquez	95.000 €
■ Melloras no cemiterio municipal de Liáns	75.000 €
■ Reparacións en cubertas en pavillóns	60.000 €




# Próximo reparto da guía de empresas e comercios de Oleiros

◆ Todos os veciños e veciñas recibirán no seu domicilio no mes de xaneiro a guía **Atópao en Oleiros**. Trátase dunha completa publicación de 250 páxinas na que se recollen 923 empresas, comercios, negocios,... ordenados e clasificados por sectores.

O obxectivo é facilitar a toda a cidadanía o coñecemento dos distintos servizos, oficios e actividades económicas existentes en Oleiros e potenciar así o consumo no municipio.

*Unha útil publicación para fomentar o comercio local*



## Máis cursos de formación para persoas en situación de desemprego ▼



◆ O Centro Municipal de Formación vai ofertar a partir do mes de xaneiro novos cursos formativos de cociña; socorrismo en instalacións acuáticas; socorrismo en espazos acuáticos naturais; actividades axiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinería; e competencia clave nivel 2 para certificados de profesionalidade con idioma galego.

Para poder participar nos cursos e informarse, as persoas interesadas deben contactar co Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, no enderezo rúa Os Regos 24, no teléfono **981 610 319**, ou a través do correo electrónico [cmf@oleiros.org](mailto:cmf@oleiros.org).

## Un novo obradoiro de emprego permite a contratación de 20 veciños en paro ▼



◆ Acaba de comezar un novo obradoiro de emprego no que se realizarán distintos traballos de creación de mobiliario urbano e actuacións de xardinería e carpintería nas inmediacións e no Pazo de Lóngora. Para a realización desta actividade formativa contratáronse 5 persoas para docencia e administración e 20 veciños e veciñas en situación de desemprego que recibirán unha remuneración mensual de 1.080 euros durante os 12 meses que durará o obradoiro, máis as correspondentes pagas extras.

O alumnado participante no obradoiro formarase nas especialidades de carpintería -10- e xardinería -outros 10-. Todas aquelas persoas que finalicen satisfactoriamente o obradoiro terán un contrato nunha empresa por un prazo mínimo de 3 meses.

**Para a realización desta actividade formativa a Xunta aporta 531.046,20 euros e o Concello 37.650,59 euros.**



## As actividades de maiores pasarán a ser para máis de 65 anos ▶

◆ As distintas actividades municipais de envellecemento activo, Ven e descubre, As Merendiñas... que se organizan para persoas maiores pasarán a ter como idade de corte os 65 anos. O obxectivo é racionalizar os custos dos servizos públicos e adaptalos á demanda real.

Hoxe en día, unha persoa de 60 anos ten unha vida activa completamente integrada na ampla oferta de ocio municipal e pode acceder a todas as posibilidades existentes.

Esta medida non afectará ás persoas que xa veñen participando nas actividades de envellecemento activo, que poderán continuar facéndoo aínda que non teñan os 65.



## A presentación do Ven e descubre 2024!, o 7 de marzo na Fábrica

◆ Todas as persoas maiores de 65 anos están invitadas a participar nas excursións e rutas de sendeirismo que organizará o Concello. O acto de presentación do programa para o próximo ano será o xoves 7 de marzo, ás 20:00 horas, na Fábrica. Posteriormente, a través dos distintos medios de comunicación municipais, informarase debidamente das excursións existentes, dos prazos de inscrición...



## Novos cursos de manexo de móbiles para maiores

■ Para reducir as dificultades no uso de móbiles, seguen a organizarse obradoiros para maiores de 65 anos.

LUGAR	NIVEL	DATAS	DÍAS	HORARIOS
■ Casa Echeverry (Perillo)	Avanzado	Xaneiro-febreiro	Mércores, xoves e venres	18:30-20:30 h
■ Casa do Pobo de Lorbé	Avanzado	Febreiro-marzo	Luns, mércores e venres	10:30-12:30 h
■ Centro cívico de Santa Cruz	Medio	Marzo-abril	Mércores, xoves e venres	10:00-12:00 h
■ Local Social da Lagoa de Mera	Medio	Abril-maio	Luns, mércores e venres	10:30-12:30 h
■ Casa do Pobo de Montrove	Básico	Maio	Martes, mércores e xoves	10:00-12:00 h

Para apuntarse haberá que chamar ao 981 610 000 en horario de 4 a 6 da tarde entre o 2 e o 5 de xaneiro.



# Melloras nos campos de fútbol



◆ O Concello investiu 246.679 euros en diversas obras de mellora nos campos de fútbol municipais. Por un lado, pecháronse pola parte traseira as gradas dos campos Nano García de Iñás e Leonardo Maceira dos Regos, neste último caso situouse tamén o ambigú e os aseos na propia grada. Tamén se renovou a iluminación no terreo de xogo destes dous recintos e dos campos Eugenio Pardo Conchado de Oleiros e O Redondo de Montrove.

## Reformas nas piscinas municipais ▼

◆ Para incrementar a calidade dos centros deportivos municipais, procedeuse á realización de diversas obras de mellora. Impermeabilización dos vestiarios e renovación do pavimento na piscina de Oleiros, renovación do sistema de climatización na piscina da Fábrica, impermeabilización de vestiarios e renovación de pavimento na piscina de Dorneda e impermeabilización da praia perimetral da piscina de Perillo.

## A Liga de Judo comeza en xaneiro ▼



◆ O sábado 27 de xaneiro arranca unha nova edición da Liga de Judo que organiza o Concello de Oleiros en colaboración co Judo Club Oleiros. Participan máis de 400 deportistas de 20 equipos de toda Galicia e Asturias.

Ademais desa primeira xornada do 27 de xaneiro (categorías sub-15 e sub-18), haberá competición os días 3 de febreiro, 2 de marzo e 20 de abril (categorías sub-13 e sub-11). Todas as xornadas celebraranse no pavillón Jose Antonio García Nieto de Canide.

## Diego Hermo retírase pola porta grande ▼



◆ O remeiro oleirense máis laureado abandonou a práctica do remo. Canteirán do Club de Regatas de Perillo, con tan só 20 anos formou parte da tripulación que acadou no 2002 o histórico terceiro posto na Bandeira da Kontxa en San Sebastián.

Herme militou en Perillo ata o 2009 obtendo un Campionato galego e 9 bandeiras. Posteriormente remou nos clubs vascos de Kaiku e Santurtzi na liga ACT, a élite do remo de banco fixo. Entre os anos 2011 e 2017 gaña 3 ligas ACT; 2 campionatos de España de traíneiras e 1 bandeira da Kontxa.



# Máis medallas para o noso deporte

.....  
 ■ *Os e as deportistas do municipio continúan na senda do triunfo con importantes vitorias a nivel galego e estatal en distintos deportes.*  
 .....



■ **Javier García**, subcampión de España de remo



■ **Alberto Fidalgo**, campión galego de marcha nórdica



■ **Hugo Zuluaga e Mauro Rodríguez**, medalla de bronce no Campionato España de atletismo



■ **Anxo Somoza**, subcampión de España de orientación



■ **Jana Albarrán**, campioa de España de orientación

## TRIUNFOS COLECTIVOS ▼



■ **Ximnasia Oleiros**, campioas galegas senior



■ **Ximnasia Oleiros**, campioas galegas e medalla de bronce no Campionato de España



■ **Bádmiton Club Coruña de Oleiros**, medalla de bronce no Campionato de España



# Educación para loitar contra o machismo

■ *Máis de 2.000 mozos e mozas participan nas actividades municipais de concienciación do 25-N*



◆ O Concello organizou diversos obradoiros participativos nos institutos arredor das violencias sexuais, o consentimento e o porno, co obxectivo de reflexionar e fomentar unha análise e pensamento críticos. Tamén se instalou puntos violetas.

Pasaron polos puntos violeta 2.124 alumnos e alumnas, e participaron nos obradoiros realizados un total de 268. Só con intervención, sensibilización e concienciación desde as infancia e adolescencias poderemos rematar de forma contundente coa lacra da violencia contra as mulleres.

## Encontros xuvenís en Lisboa e Bruxelas contra o cambio climático ▼

■ *É posible acudir participando no Consello Climático Xuvenil*

◆ Todos aqueles mozos e mozas de entre 15 e 35 anos concienciados coa loita contra o cambio climático poden participar no Consello Climático Xuvenil de Oleiros que mensualmente se reúne nas Casas da mocidade para artellar propostas e accións medioambientais locais e globais. Entre outras actividades, no primeiro trimestre de 2024, unha representación deste grupo asistirá en Lisboa e Bruxelas a encontros coa mocidade doutros países que participan no proxecto People & Planet. É posible apuntarse mediante o correo [laura@dallequedalle.com](mailto:laura@dallequedalle.com) ou chamando ao 697 209 396.

## Máis *Finde de lecer* no 2024



◆ O programa municipal de ocio dirixido a persoas con diversidade funcional continuará a partir do mes de febreiro con novas actividades. As persoas interesadas en participar poden dirixirse ao departamento de Servizos Sociais e Igualdade, ao teléfono 981610000 e ou ao correo [s.sociais@oleiros.org](mailto:s.sociais@oleiros.org).

## INFÓRMATE DA ACTUALIDADE MUNICIPAL

▶ **Subscríbete ao servizo de novas do Concello de Oleiros | [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)**



# Ocioleiros oferta 21 actividades para máis de 700 veciños ▶

◆ A primeira semana de febreiro comezarán as actividades lúdicas, culturais e deportivas que forman parte dunha nova edición deste programa municipal para maiores de 18 anos. En total ofértanse 712 prazas.



- |  |  |   |
|--|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>● Bailes de salón e latinos</li> <li>● Calistenia</li> <li>● Cociña</li> <li>● Cocteleiría</li> <li>● Conversa en inglés</li> <li>● Defensa Persoal</li> <li>● Escalada Iniciación</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Fotografía</li> <li>● Horta ecolóxica</li> <li>● Ioga</li> <li>● Kaiak</li> <li>● Marcha nórdica</li> <li>● Obradoiro de cartón pedra e papel maché</li> <li>● Obradoiro de escrita creativa</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>● Obradoiro de interiorismo e restauración de mobiliario</li> <li>● Patinaxe Iniciación</li> <li>● Paddel Surf</li> <li>● Surf</li> <li>● Xadrez</li> <li>● Xardinería</li> <li>● Xogos de mesa</li> </ul> |
|--|--|---|

Para consultar a dispoñibilidade de prazas vacantes, as persoas interesadas poden dirixirse á Fábrica.

## Visita guiada á exposición *Sorolla en Galicia* ▼

◆ O mércores 17 de xaneiro en horario de tarde, os veciños e veciñas que o desexen terán a posibilidade de visitar de forma guiada a exposición *Viaxar para pintar, Sorolla en Galicia*. Trátase dunha mostra que vai a estar no Museo de Belas Artes da Coruña ata o 10 de marzo. As persoas interesadas en participar na visita poderán inscribirse na sede electrónica do Concello.

A exposición conta con máis de setenta obras entre óleos, debuxos, notas de cor e obxectos etnográficos que poñen en contexto as estadias que o pintor realizou en terras galegas.

## O II Premio Mundiario de xornalismo entregárase en Casa Charry ▼

◆ O xurado do II Premio Mundiario de xornalismo acordou por unanimidade conceder o galardón a título póstumo ao avogado Francisco Abuín Porto, en recoñecemento á súa destacada labor e compromiso en defensa da liberdade de expresión. A entrega do premio á súa familia será nun acto público, o xoves 18 de decembro, ás 20 horas, en Casa Charry. Participará o editor e fundador de Mundiario José Luis Gómez, o alcalde Ángel García Seoane e outras personalidades da política, a abogacía, a cultura, a economía e o xornalismo.

## Concertos en febreiro e teatro a partir de marzo

◆ Todos os sábados do mes de febreiro haberá concertos de distintos grupos e estilos musicais na Fábrica, en Perillo, co XI ciclo de música *Voces Cálidas para Noites de Inverno*. A programación teatral retomarase en marzo, no auditorio Gabriel García Márquez de Mera. Informarase de todas as actuacións a través dos distintos medios de comunicación municipais.





# Contacontos e actividades infantís en todas as bibliotecas municipais ▼

◆ As bibliotecas públicas municipais programan diferentes sesións de contacontos e obradoiros dirixidos a crianzas maiores de 2 anos. Para participar nas actividades é imprescindible reservar praza previamente en cada biblioteca ou ben chamando por teléfono desde 10 días antes da data da realización da actividade. Todas as sesións celebraranse ás 18:30 horas nos días indicados.

## • BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO ☎ 981 639 511

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 15:** *Baba Bebé* con **A Xanela do Maxín** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 22:** *Cantares gallegos ao ukelele* con **Antón Ke** (+5 anos)
- ▶ **Día 29:** *Fábulas* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)

### MARZO:

- ▶ **Día 7:** *E ti que queres ser de maior?* Con **Trémola Teatro** (+5 anos)
- ▶ **Día 14:** *Con certo aire musical* con **Fran Amil** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 21:** *O reino da rima* con **Charo Pita** (+5 anos)



## • BIBLIOTECA ROSALÍA DE CASTRO. SANTA CRUZ ☎ 981 626 338

### XANEIRO:

- ▶ **Día 31:** *O coelliño branco* con **Trinke Trinke Teatro** (entre 2 e 4 anos)

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 21:** *A miña historia* con **Trémola Teatro** (+5 anos)
- ▶ **Día 28:** *Cantos contos canto* con **Pablo Díaz** (entre 2 e 4 anos)

### MARZO:

- ▶ **Día 6:** *Lúa quere viaxar a marte* con **A Xanela do Maxín** (+5 anos)
- ▶ **Día 13:** *Porco, porquiño, ensíname o camiño* con **Charo Pita** (entre 2 e 4 anos)
- ▶ **Día 20:** *Amoriños contei* con **Tarabelos Teatro** (+5 anos)



## • BIBLIOTECA Mª JOSÉ TRINCADO. MERA ☎ 981 628 507

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 2:** *Leo e a música* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 5 anos)

### MARZO:

- ▶ **Día 1:** *Rebeldes* con **Ramiro Neira** (+5 anos)
- ▶ **Día 15:** *Cantos contos canto* con **Pablo Díaz** (entre 2 e 5 anos)



## • BIBLIOTECA Mª JOSÉ RUSO. DORNEDA ☎ 981 626 638

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 19:** *Sabela e o paxaro máxico* con **Tarabelos Teatro** (entre 2 e 4 anos)

### MARZO:

- ▶ **Día 18:** *Abrapalabra!* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 5 anos)



## • BIBLIOTECA ÁNHEL FOLE. NÓS ☎ 981 664 257

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 23:** *Rosalía pequena* con **Ramiro Neira** (entre 2 e 4 anos)

### MARZO:

- ▶ **Día 8:** *Unha nena moi, moi valente* con **Trémola Teatro** (+5 anos)
- ▶ **Día 22:** *Cueiros de cores* con **Trinke Trinke Teatro** (entre 2 e 4 anos)



## • BIBLIOTECA MANUEL MARÍA. OLEIROS ☎ 981 610 700

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 20:** *O coelliño branco* con **Trinke Trinke Teatro** (entre 2 e 4 anos)

### MARZO:

- ▶ **Día 5:** *Exploradoras* con **Ramiro Neira** (+5 anos)
- ▶ **Día 19:** *Obradoiro científico* con **Héroes para la ciencia** ás 17:30h (obradoiro para crianzas +6 anos)




## • BIBLIOTECA XOGRAR MENDIÑO. LORBÉ ☎ 981 618 201

### FEBREIRO:

- ▶ **Día 22:** *Con certo aire musical* con **Fran Amil** (entre 2 e 4 anos)

### MARZO:

- ▶ **Día 7:** *De princesas vai o conto* con **Proyecto Bulubú** (+5 anos)
- ▶ **Día 21:** *Leo e as cores* con **Trémola Teatro** (entre 2 e 4 anos)



## Obradoiros infantís de Entroido en febreiro ▼

■ As 7 bibliotecas municipais acollerán obradoiros de creación de máscaras de entroido, máscaras de personaxes de banda deseñada e contos infantís para crianzas de 6 anos en diante.

◆ Os obradoiros celebraranse ás 17:30 horas na Biblioteca Mª José Ruso en Dorneda o día 5, na Biblioteca Manuel María de Oleiros o día 6, na Biblioteca Rosalía de Castro en Santa Cruz o día 7, na Biblioteca Central Rialeda en Perillo e na Biblioteca Xograr Mendiño en Lorbé o día 8, na Biblioteca Ánxel Fole en Nós e na Biblioteca Mª José Trincado en Mera o día 9. A duración dos obradoiros é de 90 minutos. Para participar é imprescindible reservar prazas nas bibliotecas ou chamando por teléfono á biblioteca onde se desenvolva a actividade desde 10 días antes da celebración da mesma. **O/A adulto/a responsable de cada un dos/as menores de idade deberá permanecer necesariamente no recinto da biblioteca ata que remate a actividade e recolla o neno ou nena.**





# CABALGATA DE REIS

■ *O venres 5 de xaneiro os Reis Magos percorrerán todo o municipio en autobús descapotable*

◆ A comitiva real será recibida oficialmente polo alcalde na Casa do Concello, estando previsto que ás 16:30 horas Melchor, Gaspar e Baltasar saúden desde o balcón principal do consistorio a todos os nenos e nenas que se acheguen ata a praza de Galicia. Posteriormente iniciarán o seu itinerario por todas as parroquias do municipio.

## HORARIO | Xoves 5 de xaneiro de 2024 ▼

- |   |  |   |
|---|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▼ 16:30 h - Recepción oficial na Casa do Concello e saúdo desde o balcón do consistorio</li> <li>▼ 16:45 h - Avenida Francisca Herrera</li> <li>▼ 16:50 h - Avenida Isaac Díaz Pardo, urbanización Os Regos</li> <li>▼ 17:00 h - Avenida Rosalía de Castro, Casa do Pobo de Montrove</li> <li>▼ 17:10 h - Rúa das Garridas</li> <li>▼ 17:20 h - N-VI, Avenida das Mariñas (Agramar-Beiramar)</li> <li>▼ 17:25 h - Urbanización O Seixo</li> <li>▼ 17:40 h - Urbanización Mesón da Auga, rúa Anido</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▼ 17:55 h - Avenida Salvador Allende, Casa do Pobo de Nós</li> <li>▼ 18:05 h - Avenida Espoz y Mina</li> <li>▼ 18:10 h - Rúa da Vila, Casa do Pobo de Iñás</li> <li>▼ 18:15 h - Rúa Fonte do Ouro, urbanización Arenaza</li> <li>▼ 18:30 h - O Couto, Rúa do Golfiño</li> <li>▼ 18:40 h - Avenida Giménez Herrero, Casa do Pobo de Dexo</li> <li>▼ 18:50 h - Rúa Doutor Fleming</li> <li>▼ 19:00 h - Paseo de Mera</li> <li>▼ 19:05 h - Avenida María Pita</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▼ 19:10 h - Avenida República Arxentina, Breixo</li> <li>▼ 19:15 h - Urbanización Rialta, parque Nicolás Redondo</li> <li>▼ 19:25 h - Rúa Viñas de Babilonia</li> <li>▼ 19:35 h - Avenida Concepción Arenal</li> <li>▼ 19:40 h - Avenida Che Guevara</li> <li>▼ 19:50 h - Rúa Darwin</li> <li>▼ 20:00 h - Avenida Santa Cristina</li> <li>▼ 20:10 h - Rúa Miradoiro</li> <li>▼ 20:15 h - Chegada á polideportiva da avenida da II República</li> </ul> |
|---|--|---|



■ Para crear unha ambientación elegante, simbólica e adaptada á realidade territorial están iluminadas unha árbore ou elemento significativo e visible en cada parroquia. A importancia que teñen todas as localidades, a dispersión poboacional e a variada morfoloxía das rúas, prazas, núcleos, urbanizacións e contornas, fai economicamente desmedido iluminar rúas ao completo.

Tamén contribúen a ese ambiente festivo as distintas entidades veciñais que realizan iluminacións de distintos espazos e elementos públicos e organizan festas para os máis pequenos.

## PISTA DE XEO ▶

Ata o 7 de xaneiro estará aberta a pista de xeo na polideportiva da avenida da II República de Perillo. O horario é de 11:00 a 22:45 todos os días, agás os festivos que só abrirá pola tarde.

O acceso á pista durante media hora custará 6 euros. Os patíns están incluídos, as lubas non.

O Concello levou a 527 nenos e nenas á pista de xeo antes das vacacións. Foi unha actividade financiada polo Concello na súa totalidade.





## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escríbenos ao enderezo electrónico [comunicación@oleiros.org](mailto:comunicación@oleiros.org)*

### ***Solidariedade con Palestina***

Ver as noticias sobre a masacre en Palestina resulta simplemente pavoroso. Só hai que ter un mínimo de humanidade para que do sentimento non abrolle unha mestura de rabia e impotencia. Imaxinar que haxa quen fai equilibrios entre Israel e Palestina ou Israel e Hamas resulta descorazonador.

Israel, realmente non existe: son os Estados Unidos e Europa quen activa a “comprensión” internacional “para defenderse do terrorismo”, un xeito de dicir que Palestina non pode activar ningún resorte contra o seu invasor; que ten que calar, tragar e comprender o roubo das súas casas, das súas terras, do seu país, en nome dun Deus que hai 2.000 anos lles fixo unha promesa.

Pero que broma é esa? Palestina era unha zona de influencia inglesa na que vivían harmonicamente árabes, xudeus e cristiáns. Tras a segunda guerra activáronse as alarmas, pois alemáns, ingleses e norteamericanos decidiron apoiar o sionismo que convertía aos xudeus en propietarios, con autorización para expulsar ao resto e facerse co territorio, que foi usurpando ata deixar aos palestinos desprazados en Gaza e no inhóspito territorio de Cisjordania.

Durante os últimos 80 anos Israel practicamente considérase un país europeo, fóra de toda lóxica territorial, e cun enorme poderío militar. A Palestina non se lle recoñece nin o dereito a ter un estado propio e vive baixo a abafante vixilancia israelita.

Hamas fai o único que pode para rebelarse contra unha inxusta situación. A resposta xudía pasará á historia como a crónica dun terrible exterminio racista en pleno mar Mediterráneo, moi preto do berce da civilización occidental.

**Diego Santiso - Montrove**

### ***Problemas no transporte público***

As colas dos autobuses en Santa Cruz son de escándalo, e se habían de aproveitar ese interese da xente en usar o transporte público, fan ao revés: non

augmentan o número de autobuses e por tanto tampouco a frecuencia de paso.

Con iso conseguen deteriorar cada vez máis o servizo e sobre todo mandar unha mensaxe á xente: isto é un transporte de segunda. O mellor é ir en coche, tranquilíños, escoitando a radio, soportando atascos, si, pero quentiño pola calefacción.

Soportar atascos con naturalidade é un “sensentido” ao que en teoría tratamos de poñer coto grazas ao transporte público. Pero se os autobuses son incómodos, lentos, están masificados, non che informan dos retrasos ou os horarios, e hai risco de quedar plantado na parada porque xa non pode entrar máis xente, pois resulta abafante.

En pleno proceso preelectoral, a Xunta debera andar máis fina coas súas escasas competencias. Os autobuses comarcais son cousa súa e ofrecer un servizo tan pobre, poñéndose do lado das empresas ao non esixirilles un mínimo de calidade na prestación, é moi mala receita para os que en poucos meses votaremos para o Parlamento do Hórreo.

**Lucía Vidán González - Santa Cruz**

### ***A dereita e a baixeza moral***

Nos últimos anos, Pedro Sánchez ten recibido todo tipo de críticas. Moitas delas fundadas, mentres que outras, baseadas en falsas noticias ou interpretacións interesadas, contribuíron a desgastar a imaxe do actual Presidente do Goberno. Porén, en todos estes anos non vimos á oposición levar a cabo un ataque tan noxento como o que se suscitou tras as palabras do gobernante na súa visita a Israel.

Sánchez reuniuse con Benjamin Netanyahu, Primeiro Ministro de Israel, para mostrarlle a súa solidariedade tras os ataques da banda terrorista Hamás ao seu territorio nos primeiros días do mes de outubro, recoñecendo o seu dereito a defenderse. Porén, o presidente español tamén lle trasladou a súa preocupación pola indiscriminada matanza de civís palestinos que se está levando a cabo en Gaza, xustificadas por Israel dentro da súa loita

conta Hamás. Esas palabras de Sánchez provocaron unha reacción furiosa de Israel, que abriu una crise diplomática co noso país.

Se un analiza de forma obxectiva os argumentos do presidente español, o seu discurso resulta impecable. Sen embargo, esa reacción de Israel, sumado a que Hamás valorou positivamente esas reivindicacións de Sánchez, foron aproveitadas pola oposición, tanto a política como a mediática, para atacar ao xefe do goberno de forma furibunda, tachándoo de apoiar o terrorismo de Hamás. Unhas críticas de pura baixeza moral.

Unha baixeza moral que, aplicada á dereita, podería levarnos a facer moitas preguntas: Apoia a dereita española a matanza indiscriminada de civís palestinos en Gaza? Consideran que o dereito de defensa de Israel está por encima dos ditames do dereito internacional? O feito de que ETA valorase positivamente que alguén condene, por exemplo, o franquismo, convertería a quen o condena nun cómplice do terrorismo a ollos da dereita? Moitas cuestións sen resposta, que simplemente retratan a un sector político desnortado e decidido a acabar politicamente con Sánchez sexa cal sexa a forma.

**Lucas Illanes - Dexo**

### ***Unha explicación difícil***

Estamos no tempo de nadal, tempo de boas vibracións, de alta intensidade afectiva, de amor, de vontades positivas. E penso nas nenas e nenos católicos que montan na casa o seu portal de Belén...

Repararán en que están representando unha lenda que a tradición sitúa en Palestina? Que relación establecerán entre as novas do telexornal, entre as terribles imaxes do xenocidio e o milagre natalicio, cheo de ledicia, de cantos bullangueiros, de agasallos e repique de campás? Cantos mestres, cantos pais ou nais, falarán a esas crianzas do horror da guerra que os adultos do seu tempo están armando nese mesmo lugar de Belén? Como llelo contarán? É difícil, abofé.

**María González - Iñás**



**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 960 405
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Servizo Municipal de Emerxencias	981 636 933
Oficina Turismo	981 904 052

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083
Complexo deportivo de Oleiros	981 611 338
Complexo deportivo de Perillo	981 634 030
Complexo deportivo de Dorneda	981 614 430
Piscina Municipal da Fábrica	981 639 506

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
El A Braña / Mera	981 617 505
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	881 880 858
IES Miraflores / Oleiros	881 880 845
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luís Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	881 880 801
CEIP Valle Inclán / Perillo	881 960 324
CEIP A Rabadeira / Oleiros	881 960 270
CEIP Juana de Vega / Nós	881 960 947

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
Mª José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
Biblioteca Mediambiental / Pazo de Lóngora	981 630 618



**38.598**  
*habitantes empadroados/as!*

**Padrón do Concello distribuído por parroquias ata o 14 de decembro**

DEXO (Santa María)	1.458
DORNEDA (San Martiño)	3.756
IÑÁS (San Xurxo)	1.308
LIÁNS (Santa Eulalia)	11.304
MAIANCA (San Cosme)	1.665
NÓS (San Pedro)	4.980
OLEIROS (Santa María)	3.307
PERILLO (Santa Leocadia)	9.177
SERANTES (San Xulián)	1.643

**TOTAL 38.598**

**Horarios do TRANSPORTE PÚBLICO**



**En Oleiros TAXI a domicilio no 981 243 333**

**Aeroporto de Alvedro 981 187 200**

**Estación autobuses A Coruña 981 184 335**

**Estación FFCC San Cristovo 902 432 343**

**LORBÉ ■ O BURGO**

**2652**

**> SAÍDAS**

Cal Pita - Eliseo Pita

**REGRESOS <**

**LORBÉ • SANTA CRUZ • OLEIROS • SAN PEDRO • O BURGO**

07:00 h - 21:00 h cada 2 horas luns - venres cada 2 horas 08:00 h - 20:00 h

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**

■ PERILLO • Rúa Areal, 17	Do 5 ao 11 de xaneiro
■ OLEIROS • Camilo Díaz Baliño, 1	Do 12 ao 18 de xaneiro
■ MERA • Praza de Miramar, 4	Do 19 ao 25 de xaneiro
■ PERILLO • Avda. Rosalía de Castro, 247	Do 26 de xaneiro ao 1 de febreiro
■ NÓS • Avda. das Mariñas, 247	Do 2 ao 8 de febreiro
■ SANTA CRUZ • Francisco Comesaña 4-6	Do 9 ao 15 de febreiro
■ ARILLO • Avda. República Arxentina, 106	Do 16 ao 22 de febreiro
■ OS REGOS • Avda. Isaac Díaz Pardo, 4	Do 23 ao 29 de febreiro
■ SANTA CRUZ • Rúa Viñas de Babilonia, 10	Do 1 ao 7 de marzo
■ PERILLO • Avda. Ernesto Che Guevara, 16	Do 8 ao 14 de marzo
■ LORBÉ • Rúa Golfiño, 117-A	Do 15 ao 21 de marzo
■ IÑÁS • Av. das Mariñas, 54, Parque Oleiros	Do 22 ao 28 de marzo

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	27 decembro / 26 xaneiro / 24 febreiro
<b>Mingua</b>	3 xaneiro / 1 febreiro / 2 marzo
<b>Nova</b>	11 xaneiro / 9 febreiro / 10 marzo
<b>Medra</b>	18 xaneiro / 16 febreiro / 17 marzo



## O paseo fluvial de Nós e Iñás, unha realidade inmediata ▼

• *Grande avance para a mobilidade segura ▼*



◆ Avanza a obra do paseo fluvial desde a rúa da Vila ata O Seixal, pasando por Arenaza, O Valiño, O Carballo, Mesón da Auga e O Batán. As obras van bastante avanzadas, agás o treito máis próximo a Arenaza, onde se acometerá unha pequena actuación para resolver as inundacións que afectan a algunhas vivendas nos episodios puntuais de chuvias moi intensas.

O paseo fluvial resultará un itinerario alternativo para camiñantes e ciclistas, atravesando lonxitudinalmente as parroquias de Nós e Iñás, un auténtico parque lineal polo que circular de xeito tranquilo e seguro, afastado do tránsito motorizado da avenida das Mariñas.

